




¿Cómo atopamos e aplicamos os coeficientes de redución no sistema axonométrico dimétrico e trimétrico?


Por exemplo, para representar a seguinte peza dada polas súas vistas diédricas, nun sistema axonométrico trimétrico. *Datos: o croquis acotado da peza e os eixos.*



1º) Trazamos o triángulo de trazas.



2º) Abatimos os eixos e atopamos os ángulos α , β e γ que forman os eixos no espazo cos eixos abatidos.



3º) Facemos a seguinte construción:

- Trazamos unha liña horizontal, esta liña será a escala natural, E_n .
- A continuación trazamos os ángulos α , β e γ , tomando a liña da escala natural como un dos lados dos ángulos.
- Desde as divisións da escala natural levamos liñas perpendiculares aos eixos abatidos. Así, por exemplo, unha aresta da peza situada ou paralela ao eixo x, mide 25mm, marcamos os 25mm na escala natural e desde esta división trazamos unha liña perpendicular ao eixo x. Obtemos desta forma, sobre E_x , a aresta de 25mm reducida ou proxectada.

